Reserva da biosfera de Ancares".....	50 €
2013/510 "Termalismo e química; innovación en produtos termais"	80 €
2013/512 "Un mundo desigual: retos e perspectivas"	40 €
2013/516 "Ferramentas de innovación empresarial para emprendedores"	50 €
2013/518 "Emprendemento social; unha perspectiva dende a Universidade".....	20 €

Cursos de Extensión universitaria Campus de Pontevedra

2013/520 "Aplicacións tecnolóxicas para o ensino e o adestramento en actividad física e do deporte".....	35 €
2013/521 "O mundo do viño: enoturismo rías baixas".....	60 €
2013/522 "Do axóxere ao lapis. Identificación e prevención das necesidades de apoio educativo"	65 €
2013/523 "Avances no estudo da hiperactividade (TDAH): Avaliación, diagnóstico e tratamiento".....	32 €
2013/524 "O uso das tecnoloxías como soporte docente"	50 €
2013/526 "Taller de escritura creativa para textos audiovisuais".....	60 €

Cursos de Extensión universitaria Campus de Ourense

2013/550 "Cata de viños, augardentes e licores".....	60 €
2013/551 "Educación ambiental e responsabilidade social"	60 €
2013/552 "O meu negocio e a rede"	110 €
2013/553 "Fiscalidade sobre a renda das persoas físicas e sociedades: Teoría, práctica e ferramentas informáticas".....	30 €
2013/554 "Valoras o teu patrimonio? Modelos de xestión patrimonial no Noroeste peninsular"	60 €
2013/555 "II Xornadas sobre biomasa: unha fonte inesgotable de posibilidades".....	30 €
2013/556 "Innovación aplicada á empresa".....	120 €

2013/557 "O audiovisual galego: Presente cambiante e alternativas de futuro" ..	60 €
2013/558 "Deporte, empresa e sociedade: Leccións de cine"	50 €
2013/559 "Planificación, estratexias e comportamento fiscal do contribuínte"	30 €
2013/560 "Comunicación: eixo fundamental do acto didáctico"	60 €

Cursos Complementarios:

IX edición "Iniciación ao AutoCAD"	130 €
I edición "Introdución á xestión de proxectos baixo a metodoloxía PMI"	230 €
II edición "Organización e desenvolvemento de eventos deportivos: as chaves do éxito"	
- Alumnado da Universidade de Vigo.....	26 €
- Resto do alumnado.....	52 €
I edición en "Sistemas de protección contra incendios. Normativa e a súa aplicación"	150 €
I edición "Física oceánica e o cambio global"	128 €
I edición "Tecnoloxías Ómicas: análise de datos de NGS, RNA- seq e ChIP-seq"....	32 €
I edición "Comunicación e protocolo XIII. Xornadas internacionais de comunicación e imaxe pública"	0 €
III edición "Competencias Horizontais (1ª convocatoria Ourense)"	0 €
III edición "Competencias Horizontais (2ª convocatoria Vigo)"	0 €
I edición "Introdución de contidos transversais sobre as rías nos currículos"	0 €
I edición "Dirección e xestión ágil de proxectos TIC (modelo SCRUM)"	220 €
I edición "Actuacións e estruturas de protección da costa. Criterios ambientais e tecnolóxicos"	128 €
I edición "Simulación de circuitos eléctricos con OrCAD PSpice aplicado á docencia universitaria"	41 €
I edición "O marco xurídico no medio mariño. Océanos do crime: causas e consecuencias das novas formas de piratería no mar"	32 €
I edición "Aproveitamento e valorización de subprodutos de orixe mariños".....	128 €

I edición "Novos produtos do mar".....	128 €
I edición "Interacción atmosfera océano"	128 €
I edición "Information systems (GYS). Fundamentos e análise"	32 €
I edición "Modelización de ecosistemas ECOPAHT con ECOSIM"	100 €
I edición "Sistemas de modelización e observación do océano"	128 €
I edición "Economía e xestión dos recursos naturais e medio ambiente mariño".	128 €
I edición "Taller de emprendedores e Innovación"	50 €
I edición "Automatización de procesos industriais (sistemas SIMATIC)"	350 €
IV edición "English immersion programme for professionals"	0 €
III edición "Masaxe deportiva e técnicas complementarias"	120 €
II edición "Sistema empresarial galego"	0 €
I edición "Orientación profesional Emprégate (Campus Ourense).....	0 €
I edición "Orientación profesional Emprégate (Campus Pontevedra).....	0 €
I edición "Orientación profesional Emprégate (Campus Vigo)	0 €
I edición "Ferramentas para a detección temperá de necesidades de tipo evolutivo e emocional no ciclo 3-5 da etapa da Educación Infantil".....	20 €
XII edición "Vendaxes neuromusculares (KINESIOTAPING).....	174 €
I edición "Xestión eficiente de almacéns: estratexia, deseño, implantación e mellora"	195 €
I edición "Implantación de Lean Production".....	195 €
I edición "Redución dos stocks na cadea de subministración".....	195 €
I edición "Competitividade baseada en persoas: Aspectos estratégicos e operativos para o éxito en empresas industriais e de servizos"	195 €
X edición "Iniciación ao AutoCAD"	130 €
I edición "BIG DATA e HADOOP: novos tratamentos avanzados da información".	290 €
I edición "Certificación enerxética de edificios existentes (programa EC3X)"	180 €

Cursos de Formación:

I edición "Estatística con R para médicos".....	125 €
II edición "Catia V5: módulos CAD-CMU-CAE-CAM".....	375 €

II edición "Iniciación á programación de dispositivos ANDROID"	175 €
V edición "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS".....	240 €
I edición "Modelaxe e simulación de procesos de negocio a través de ferramentas BPM".....	165 €
IV edición "Deseño e cálculo de instalacións técnicas á edific. e construc. industriais (contorna CYPE)"	250 €
IX edición "O IVE na fiscalidade empresarial"	80 €
III edición "Estatística con R para investigadores"	
- Matrícula ordinaria.....	125 €
- Matrícula reducida (membros SGAEPIO).....	90 €
I edición "Actualización en literatura española".....	0 €
I edición "CCNA Exploration 1 e 2: Aspectos básicos do Networking. Conceptos y protocolos de enrutamiento"	
- Exalumnos e membros da Comunidade Universitaria.....	200 €
- Profesionais externos á Universidade de Vigo	400 €
IV edición "Programación web con PHP".....	220 €
IV edición "JAVA: programación orientada a obxectos para enxeñeiros"	220 €
I edición "Curso práctico de técnicas de producción na industria do metal"	400 €
I edición en "Contabilidade de ContaSol"	160 €
I edición "Programación web con HTML5 e Javascript"	220 €
III edición "Sitios web paso a paso con Joomla"	190 €
III edición "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM".....	375 €
I edición "Fotografía e deseño gráfico de moda"	600 €
I edición "Estampación téxtil"	900 €
I edición "Taller de deseño profesional"	1.080 €
II edición "Control estatístico de calidad con R".....	125 €
XI edición "Introdución á bolsa"	
- Membros da Comunidade Universitaria	107 €
- Alleos á Comunidade Universitaria	120 €
IV edición "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"	375 €

I edición "Introducción á programación de APPS en iOS6/iOS7".....	190 €
VI edición "Administrador e desenvolvedor de bases de datos"	210 €
I edición "Deseño, simulación e montaxe de circuitos electrónicos"	210 €
I edición "Edición gráfica con photoshop".....	195 €
III edición "Coordinador de seguridade e saúde en obras de construcción"	195 €
III edición "Prevención de riscos laborais. Nivel básico"	60 €
I edición "Estatística con R para profesionais da saúde".....	125 €

Cursos de Especialista:

I edición "Marcha nórdica".....	1.400 €
I edición "Deseño de moda"	6.066 €
I edición "Mediación e arbitraxe"	1.200 €
I edición "Asesor financeiro europeo".....	3.550 €

Máster/Especialista:

XI edición "Axentes de emprego e novas tecnoloxías da información: planificación, financiamento e xestión de proxectos".....	900 €
XIII edición "Auditoría e contabilidade"	3.600 €

Títulos propios:

Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galicia (ESDEMGA)	
- Curso completo.....	3.250,00 €
- Créditos soltos 1ª matrícula	60,00 €
- Créditos soltos 2ª matrícula	83,13 €
- Créditos soltos 3ª matrícula	134,43 €
- Créditos soltos 4ª e 5ª matricula	171,38 €

A Comisión Executiva aprobou durante o ano 2013 as taxas de 75 (23 máis que no ano anterior) cursos impartidos pola Universidade de Vigo para a obtención de títulos propios de Posgrao ou para ensinanzas de formación. Neste resumo, elaborado pola Secretaría do Consello Social, pódese observar a incidencia que os cursos tiveron en cada un dos Campus, así como a distribución por ámbitos de ensinanza, destacando o forte incremento dos Cursos Complementarios e a baixada notable dos Cursos de Formación respecto a 2012, así como a subida no ámbito científico e tecnolóxico e o descenso no Xurídico-Social. Por Campus advítese un acusado descenso no Campus de Ourense, máis leve en Pontevedra, e un claro aumento no de Vigo.

OS CURSOS, POR TIPOS*

Complementarios	Formación	Especialista	Master	Máster/Especialista	Titulacións Propias
38 (20) 50,67% (38,46%)	30 (27) 40% (52%)	4 (3) 5,33% (4,77%)	0 (0) 0% (0%)	2 (2) 2,67% (3,85%)	1 (0) 1,33% (0%)

OS CURSOS, POR ÁMBITOS

Científico	Humanístico	Tecnolóxico	Xurídico-Social
15 (6) 20% (11,54%)	6 (4) 8% (7,70%)	32 (19) 42,66% (34,09%)	22 (23) 29,34% (47,73%)

OS CURSOS, POR CAMPUS

Ourense	Pontevedra	Vigo
9 (17) 12% (32,7%)	10 (10) 13,33% (19,23%)	56 (25) 74,67% (47,08%)

* As cifras que aparecen entre as parénteses amosan os datos de 2012.

MEMORIAS FINAIS RECIBIDAS

Foron recibidas as memorias finais dos seguintes cursos de posgrao:

- I Curso de Formación en "Estatística con R para investigadores"
- I Curso de Formación en "Iniciación á programación de dispositivos ANDROID"
- III Curso de Formación en "Deseño e cálculo de instalacións técnicas da edificación e construcións industriais (contorna CYPE)"
- IV Curso de Formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"
- XI Curso de Máster/Especialista en "Auditoría e Contabilidade"
- I Curso de Formación en "Excel Financeiro"
- I Curso de Formación en "Coordinador de seguridade e saúde en obras de construcción"
- IV Curso de Formación en "Manipulación de Alimentos"
- II Curso de Formación en "Elaboración de manuais de boas prácticas"
- II Curso de Formación en "Hixiene na industria alimentaria"
- I Curso Complementario en "Tratamento de textos: Microsoft Word 2010"
- I Curso Complementario en "Prevención de riscos laborais, nivel básico"
- II Curso de Formación en "Programación web con PHP"
- V Curso de Formación en "JAVA: programación orientada a obxectos para enxeñeiros"
- I Curso Complementario en "Comunicación e Protocolo XII. Xornadas internacionais de comunicación institucional e imaxe pública"
- III Curso de Formación en "Programación web con PHP"
- X Curso de Formación en "Introdución á bolsa"
- X Curso de Máster/Especialista en "Axentes de emprego e novas tecnoloxías da información: planificación, financiamento e xestión de proxectos"
- I Curso de Formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"
- II Curso Complementario en "Masaxe deportiva e técnicas complementarias"
- VIII Curso de Formación en "O IVE na fiscalidade empresarial. Edición 2012"
- IX Curso Complementario en "Iniciación ao AutoCAD"
- I Curso de Formación en "Autoemprego en contornos cooperativos e colaborativos"
- I Curso Complementario en "Coñecemento do sistema empresarial galego"
- II Curso Complementario en "Organización e desenvolvemento de eventos deportivos: as chaves do éxito"
- I Curso de Formación en "Control estatístico de calidade con R"
- III Curso Complementario en "English immersion programme for professionals"

- XI Curso Complementario en "Vendaxes neuromusculares (KINESIOTAPING)"
- II Curso de Formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"
- I Curso Complementario en "Ferramentas para a detección temprá de necesidades de tipo evolutivo e emocional no ciclo 3-5 da etapa de educación infantil"
- I Curso Complementario en "Programación avanzada de robots industriais (Sistemas KUKA)"
- VI Curso Complementario en "Medida e certificación de estacións radioeléctricas"
- I Curso de Formación en "CCNA Exploration 3 y 4: Comutación LAN y acceso WAN"

PRINCIAIS ACORDOS ADOPTADOS POLA COMISIÓN ECONÓMICA

A Comisión Económica reuniuse ao longo do ano 2013 en tres ocasións, no Campus de Vigo. As sesións celebráronse o 28 de febreiro, 20 de xuño e o 19 de decembro.

ACORDOS

Darse por informada -e remitir ao Pleno- da Análise do Informe de avance da auditoría de contas da Universidade de Vigo correspondentes ao exercicio 2012, consonte o disposto no Real Decreto Lei 14/2012, de 20 de abril.

Darse por informada do Calendario e procedemento a seguir para a recepción do Informe de auditoría e o Memorando de recomendacións sobre as contas do exercicio 2012 da Universidade de Vigo.

Iniciar o proceso para encargar a auditoría e Memorando de recomendacións das contas da Universidade de Vigo para os exercicios 2013 e 2014 cos mesmos criterios técnicos e de adxudicación aplicados ata a data.

- Delegar no xerente a elección do contido máis conveniente para encargar unha auditoría operativa

Elevar informe favorable para aprobación do Pleno das contas de Cidade Universitaria, S.A., de 2012.

Elevar informe favorable para aprobación do Pleno das contas de Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI), de 2012.

Elevar informe favorable para aprobación do Pleno das contas da Fundación Universidade de Vigo, de 2012.

Elevar informe favorable para aprobación do Pleno das contas e Memoria de recomendacións sobre a liquidación do orzamento de 2012 da Universidade de Vigo.

Emitir informe favorable para elevación ao Pleno das Medidas económicas da Universidade de Vigo para a xestión académica do curso 2013-2014.

Darse por informada dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición (24.137,86 € e 600 €).

Elevar informe favorable para aprobación do Pleno sobre a proposta de aceptación pola Universidade de Vigo da herданza de dona María Alicia Crespí a beneficio de inventario.

Elevar informe favorable ao Pleno sobre as opcións para a elección dunha auditoría operativa sobre a Universidade de Vigo, consonte acordo da Comisión Económica o 28 de febreiro de 2013.

Darse por informada dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de marzo, abril e maio de 2013.

Darse por informada da resolución favorable dunha actuación do Tribunal de Contas por causa do Plan de xubilacións anticipadas e incentivos do PDI da Universidade de Vigo, implantado por acordo do Consello de goberno (9 de maio de 2005).

Darse por informada da auditoría de contas e auditoría operativa prevista para as contas de Universidade de Vigo correspondentes ao exercicio 2013.

Elevar informe favorable ao Pleno sobre o cumprimento da instrución sobre a obriga da Universidade de establecer un límite máximo de gasto anual, consonte o Real Decreto Lei 14/2012, de 20 de abril.

Informar ao Pleno e proponer a aprobación do Orzamento da Universidade de Vigo para 2014.

Recomendar ao Pleno que o informe de auditoría sexa entregado e analizado coa mesma data límite da liquidación das contas.

Informar favorablemente ao Pleno sobre a aprobación definitiva, da creación e participación da Universidade de Vigo nas seguintes EBT: Biotecnogal S.L e Volta Space S.L., consonte acordo do Consello de goberno de 28 de novembro.

Elevar informe favorable ao Pleno sobre a modificación da RPT do persoal funcionario de administracións e servizos (Consello de Goberno de 18 de decembro de 2013).

PRINCIAIS ACORDOS ADOPTADOS POLA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS

A Comisión de Actividades e Servizos reuniese en seis ocasións no Campus de Vigo. As sesións celebráronse o 29 de xaneiro, o 12 de marzo, o 8 de maio, o 10 de xullo, o 1 de outubro e o 22 de outubro.

ACORDOS

Conceder unha axuda económica, para o material impreso e os desprazamentos dos poñentes participantes no Seminario Internacional "A cultura do poder: a propaganda nos estados autoritarios".

Conceder unha axuda económica para a organización da segunda edición de "Edugal". A cantidade asignada dedicarase a comunicación ou montaxe do evento, e deberá atreverse ás normas do Consello Social.

Conceder unha axuda económica para a organización das X Xornadas "Sociedade e Dereito" a desenvolver no Campus de Ourense e promovida pola Asociación Galega de Estudios Xurídicos.

Conceder unha axuda económica para o pago a poñentes do programa das Xornadas sobre "Prensa e Xustiza" a celebrar no Campus de Ourense.

Copatrocinar con outras institucións, para cada unha das dúas edicións previstas en 2013 da revista "Investigación, cultura, ciencia y tecnología", debendo remitirse 50 exemplares a este Consello Social. Así mesmo, acórdase advertir ao director da revista sobre o longo patrocinio que se mantén dende 2009.

Colaborar cunha achega económica no Programa de Desenvolvemento de Habilidades Horizontais, a proposta do Área de Emprego da Universidade de Vigo.

Abrir e revisar as bases e tomar unha decisión definitiva na próxima reunión sobre a convocatoria do "Premio Manuel Rodríguez de la Fuente".

Colaborar co plan de accións de innovación educativa na Universidade de Vigo, consonte proposta da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, orientadas a estimular e promover as experiencias innovadoras do profesorado da UVigo, sempre que supoñan un avance na adaptación do ensino ao EEES, o achegamento ás necesidades da sociedade e das empresas, aprendizaxe de competencias e mellora da empregabilidade do alumnado, ou desenvolvemento de novos sistemas de aprendizaxe mediante recursos tecnolóxicos, consonte os crite-

rios aplicados en 2012.

Aprobar unha achega económica como axuda á organización do "XIII Foro Tecnolóxico de Emprego". A axuda concedida deberá dedicarse a imprensa, publicidade ou difusión.

Aprobar unha axuda económica para a inclusión dunha ponencia sobre "A visibilidade do Consello Social e a imaxe pública da Universidade", dentro do programa de apertura do Curso de Comunicación e Protocolo a celebrar no mes de abril na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do Campus de Pontevedra.

Conceder unha axuda para a realización das actividades sobre os hábitos de saúde da comunidade universitaria dentro do proxecto "Campus ConVida".

Conceder unha axuda económica para desenvolver o Programa de Titoría e Mentoría da Escola de Enxeñería de Telecomunicación de xeito específico no curso 2012-2013, para mellorar a acollida e integración así como a formación integral dos estudiantes e o rendemento académico.

Aprobar unha axuda económica para as actividades e funcionamento da Asociación de Amigos e Antigos Alumnos da Universidade de Vigo para o ano 2013.

Participar e apoiar cunha achega económica na creación e desenvolvemento da Plataforma para fomentar a actitude emprendedora dos alumnos nos tres Campus da Universidade de Vigo.

Aprobar unha axuda para a publicación en lingua galega do "Estudo sobre a experiencia académica e profesional dos titulados da Universidade de Vigo".

Aprobar unha axuda para a edición da primeira monografía recopilatoria das principais conferencias e relatorios presentados no Curso/1º Simposio "Nós".

Conceder as axudas para o desenvolvemento de prácticas dos alumnos durante o ano 2013 coa seguinte distribución: Facultade de CC. Empresariais e Turismo (Grado en ADE) 4.000 €; Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo (Licenciatura en Dereito) 3.500 €; Facultade de Dereito (Licenciatura en Dereito) 3.500 €; ESDEMGA (Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda) 3.250 €; Facultade de Bioloxía (Licenciatura e Grao en Bioloxía) 4.000 €; Facultade de Ciencias do Mar (Licenciatura e Grao en CC.do Mar) 4.000 €; Facultade de CC. da Educación e do Deporte (Mestre e Grao en CC. da Actividade Física) 2.500 €; Facultade de CC. Sociais e da Comunicación (Graos e Mestrado) 3.250 €; Facultade de Historia (Grao en Xeografía e Historia) 2.000 €.

Aprobar unha axuda para a organización das "I Jornadas de Derecho Marítimo e Insolvencia", atendendo ás normas do Consello Social. A axuda concedida deberá dedicarse aos gastos de ponencias e transporte.

Aprobar unha axuda para a organización das IV Olimpíadas Galegas de Economía a

celebrar na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do Campus de Ourense.

Aprobar unha axuda para o desenvolvemento do "II Ciclo de Cine e Dereito Mercantil". A axuda concedida deberá dedicarse aos gastos de ponencias e transporte.

Aprobar a proposta de participación do Consello Social no programa de bolsas de mobilitade "Ourense Exterior" para o curso 2013/2014, en colaboración coa Universidade de Vigo e a Deputación de Ourense, cunha achega máxima de 8.000 € dependendo do número final de alumnos matriculados.

Aprobar a elaboración e distribución de carpetas-guías para os alumnos que se matriculen na Universidade de Vigo por primeira vez no curso académico 2013/2014, co obxectivo de contribuír ao proceso de acollida e orientación dos estudiantes de novo ingreso.

Aprobar o copatrocínio - con carácter excepcional - da edición do libro "Derecho de Empresas en la Roma Clásica" del profesor Guillermo Suárez. Deberase ter en conta o disposto nas Normas de publicacións do Consello Social e a entrega de 50 exemplares.

Aprobar unha axuda económica - de xeito excepcional este ano e como copatrocínio- para a edición dixital do libro TICAI (TICs aplicadas ao aprendizaxe da enxeñería).

Aprobar a distribución das 50 bolsas-colaboración concedidas á Universidade de Vigo polo Ministerio de Educación para o curso 2013/2014.

DEPARTAMENTO

	Nº BOLSAS
DEBUXO	1
PINTURA	1
ESCULTURA	1
LINGUA ESPAÑOLA	1
FILOLOXÍA GALEGA E LATINA	1
FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESCA E ALEMÁ	1
HISTORIA, ARTE E XEOGRAFÍA	1
TRADUCIÓN E LINGÜÍSTICA	1
LITERATURA ESPAÑOLA E TEORÍA DA LITERATURA	1
ANÁLISE E INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA	1
DEREITO PRIVADO	1
DEREITO PÚBLICO	1
DEREITO PÚBLICO ESPECIAL	1

DIDÁCTICA, ORGANIZACIÓN ESCOLAR E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN	1
DIDÁCTICAS ESPECIAIS	1
ECONOMÍA APLICADA.....	1
ECONOMÍA FINANCIERA E CONTABILIDADE	1
FUNDAMENTOS DA ANÁLISE ECONÓMICO E Hº E INSTITUC. ECON.	1
ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MARKETING	1
PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E COMUNICACIÓN.....	1
SOCIOLOXÍA, CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN E FILOSOFÍA	1
COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE.....	1
DESEÑO NA ENXEÑERÍA	1
ENXEÑERÍA ELÉCTRICA.....	1
ENXEÑERÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUÍDOS	1
ENXEÑERÍA QUÍMICA	2
ENXEÑERÍA DOS MATERIAIS, MECÁNICA APLICADA E CONSTRUCCIÓN.....	1
ENXEÑERÍA DOS RECURSOS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE	1
ENXEÑERÍA DOS SISTEMAS E AUTOMÁTICA	1
FÍSICA APLICADA.....	2
INFORMÁTICA.....	1
MATEMÁTICA APLICADA I.....	1
TECNOLOGÍA ELECTRÓNICA	1
ENXEÑERÍA TELEMÁTICA	1
TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓN.....	2
BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE.....	1
BIOLOGÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO	1
BIOQUÍMICA, XENÉTICA E INMUNOLOXÍA	1
ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL.....	2
ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	1
QUÍMICA ANALÍTICA E ALIMENTARIA.....	1
QUÍMICA FÍSICA	2
QUÍMICA ORGÁNICA	1

QUÍMICA INORGÁNICA	1
XEOCIENCIAS MARIÑAS E ORDENACIÓN DO TERRITORIO.....	1
Conceder unha axuda equivalente á cantidad outorgada na IV edición menos o 20%, consonte o establecido nas normas Consello Social, para a organización da actividade académica-ciclo "Pensar el Cine V" e comunicarlle ao director da actividade que -sen entrar a valorar o seu interese- en sucesivas edicións non poderá acceder ás axudas do Consello Social para esta iniciativa concreta.	
Aprobar unha axuda para a organización do "2º Seminario Internacional de Dereito Romano".	
Aprobar unha axuda para a organización do "II Congreso Internacional sobre Medicación: perspectiva psicolóxica e xurídica", tendo en conta o importe da colaboración prestada en 2012 e a aplicación da norma do Consello Social de reducir nun 20% as axudas concedidas en edicións anteriores.	
Conceder unha axuda especial, con carácter excepcional, ao alumno da Escola Superior de Enxeñaría Informática, don Hansel Walden Baima, para pagamento da matrícula ordinaria.	
Conceder unha axuda especial, con carácter excepcional, ao alumno da Facultade de Tradución e Interpretación, don David Iglesias Melón, para pago de matrícula ordinaria.	
Conceder unha axuda especial, con carácter excepcional, á alumna da Facultade de Filoloxía e Tradución, dona Paula Costa González, para pago de matrícula.	
Darse por informada da suspensión das actuais axudas excepcionais a alumnos concedidas polo Consello Social acordada polo Pleno, e desbotar a posibilidade de elaborar unhas novas normas, considerando no sucesivo e de xeito individual calquera petición que sexa remitida ao Consello pola Universidade de Vigo por non estar contemplada nas súas axudas.	
Informar favorablemente a proposta de colaboración para o desenvolvemento de actividades convxuntas e iniciativas entre o Consello Social e a Fundación Universidade de Vigo, por un importe de 30.000 €.	
Aprobar a organización das "Xornadas sobre Fundraising e Mecenado nas Universidades", promovidas polo Consello Social en colaboración coa Reitoría da Universidade de Vigo.	
Conceder unha axuda para atender a gastos de imprenta, publicidade e poñentes do "Congreso Internacional Teatro Siglo XXI", organizado polo Departamento de Literatura Española e Teoría da Literatura.	

Conceder unha axuda para o pago de gastos de desprazamento de poñentes e imprensa do Congreso "Constitución de Sociedades. Aspectos Mercantís e Fiscais" que terá lugar no mes de novembro na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Aprobar a adquisición de 250 exemplares do Audiolibro "Doce cancións galegas, como promoción cultural e agasallo institucional conmemorativo, debendo remitir con antelación o deseño da carátula para supervisión e autorización previa do Consello Social.

Informar favorablemente ao Pleno a aprobación e publicación da Memoria de Actividades do Consello Social correspondente a 2012.

Aprobar unha colaboración no patrocinio da "XXII Gala do Deporte Universitario", debendo entregar unha Memoria final e ter en conta as normas establecidas polo Consello Social, quen deberá supervisar previamente o tratamento da súa imaxe nos distintos soportes de difusión do acto.

Conceder unha axuda á Asociación de Amigos e Antigos Alumnos da Universidade de Vigo para atender a gastos do Acto de Homenaxe a presidentes dos Colexios Oficiais e Profesionais e do Acto de entrega da medalla de Amigo Distinguido. O Consello Social deberá supervisar previamente o tratamento da súa imaxe nos soportes nos que se efectúe a difusión dos actos.

Propoñer a seguinte reasignación definitiva e unha lista de agarda complementaria e ordenada das bolsas-colaboración concedidas á Universidade de Vigo polo Ministerio e Educación para o curso 2013/2014, vista a información aportada pola Sección de Bolsas da Universidade e do insuficiente número de vacantes respecto ao número de alumnos que cumplen os requisitos, e considerando as circunstancias que concorren en determinados casos e aplicando os criterios establecidos polo Consello Social, e ponderados todos eles:

Reasignación definitiva

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Economía Aplicada	1
Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	1
Enxeñaría Química	1
Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	1
Física Aplicada	1
Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía	2
Tradución e Lingüística	1

Lista de agarda

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Teoría do Sinal e Comunicacións	1
Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	1
Química Analítica	1
Tradución e Lingüística	1
Tecnoloxía Electrónica	1

PRINCIAIS ACORDOS ADOPTADOS POLA COMISIÓN DE RECOÑECIMENTO ÁS EMPRESAS QUE COLABORAN COA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Comisión de Recoñecemento ás empresas que colaboran coa Universidade de Vigo reuniese nunha ocasión no Campus de Vigo. A sesión celebrouse o 5 de febreiro.

ACORDOS acordados para a organización do terceiro Acto de Recoñecemento ás Empresas e Organizacións que colaboran coa Universidade de Vigo:

Propoñer a Paolo Vasile, conselleiro delegado de Mediaset España, como poñente invitado para a terceira edición do Acto de recoñecemento ás empresas e organizacións que colaboran coa Universidade de Vigo.

Manter a celebración do Acto na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo.

Fixar a celebración entre os meses de abril e maio.

Elaborar o listado de empresas e organizacións homenaxeadas pola implicación coa UVigo en 2010, 2011 e 2012 (coa colaboración da Secretaría Xeral da UVigo, a FUVI e as Confederación Empresariais de Pontevedra e Ourense), así como de autoridades e dos restantes invitados.

Crear un diploma conmemorativo para entregar nominalmente ás empresas e organizacións recoñecidas, ademais de buscar outro agasallo complementario como puidera ser unha publicación ou similar especificamente presentado para a ocasión.

Rematar cun convite sinxelo que permita e facilite o encontro e as conversas entre os asistentes.

Execución ano 2013



Oficinas do Consello Social, no Edificio Miralles do Campus de Vigo

Execución orzamentaria do Consello Social: exercizo 2013

CRÉDITO INICIAL**367.850,00-€**

Saldo Obligacións 293.351,00-€

Saldo Comprometido 16.935,00-€

Crédito Retido 1.483,00-€

CRÉDITO DISPOÑIBLE**56.079-€**

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO**311.771-€**

Execución sobre o crédito inicial 84,75%

Reuníons e comparecencias



Acto de investidura de Agustín Fernández Paz e Julio Casado Linarejos como Doutores Honoris Causa, en presencia do conselleiro de Educación e o presidente do Consello Social

Reuníons e comparecencias

CONFERENCIA CONSELLOS SOCIAIS

**XORNADAS DE PRESIDENTES E
SECRETARIOS DOS CONSELLOS SOCIAIS
DAS UNIVERSIDADES
PÚBLICAS ESPAÑOLAS**

**XORNADAS EN
BURGOS
20, 21 e 22 DE NOVEMBRO**

Consello Social – Universidade de Burgos.
Presidente: Rafael Miranda Robredo
Secretario: Tomás Prieto Álvarez

Xornadas organizadas polo Consello Social da Universidade de Burgos ás que asistiron o presidente, don Ernesto Pedrosa Silva, e o secretario, don Ignacio Rodríguez Iglesias.

Baixo o título xenérico “**A reforma da universidade española**”, o programa foi o seguinte:

Día 20, mércores:

Reunión da Asemblea de secretarios de Consellos Sociais.

Día 21, xoves:

Inauguración das Xornadas

Interveñen:

Juan José Mateos Otero. Conselleiro de Educación da Xunta de Castela e León.
Joaquín Moya-Angeler Cabrera. Presidente da Conferencia de Consellos Sociais.
Rafael Miranda Robredo. Presidente do Consello Social da Universidade de Burgos.
Alfonso Murillo Villar. Reitor da Universidade de Burgos.

Conferencia marco.

"Universidades fortes para a España do mañá".

César Nombela Cano. Reitor da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Mesa redonda 1.

"As reformas universitarias proxectadas".

Interveñen:

Federico Gutiérrez Solana. Autor do informe "A gobernanza da Universidade e as súas entidades de investigación e innovación"
Joan María Malapeira Gas. Coordinador do estudo "Diagnóstico, informe técnico-xurídico e propostas de actuación en relación coas estruturas organizativas internas das universidades españolas".
Teresa Miras-Portugal. Presidenta da Comisión de expertos para a reforma universitaria.
Presenta e modera:
Fernando González Urbaneja. Periodista.

Mesa redonda 2

"A reforma vista por ex-xestores universitarios"

Interveñen:

Felipe Pétriz Calvo. Ex-director Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación.
Juan Juliá Igual. Ex-reitor da Universidade Politécnica de Valencia.
Rafael Puyol Antolín. Ex-reitor da Universidade Complutense de Madrid.
Presenta e modera:
Raúl Briongos Velasco. Director do Diario de Burgos.

Mesa redonda 3

"As expectativas de reforma dos axentes do sistema universitario español"

Interveñen:

Julio Revilla Saavedra. Vicepresidente da Conferencia de Consellos Sociais.
Adelaida de la Calle Martín. Presidenta da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas.
Julio Martínez Martínez. Reitor da Universidade Pontificia de Comillas.
Francesc Santacana. Vicepresidente da Fundación CYD.
Presenta y modera:
Luis Ángel de la Viuda. Periodista.

Clausura

Juan Vicente Herrera Campo. Presidente da Xunta de Castela e León.
Joaquín Moya-Angeler Cabrera. Presidente da Conferencia de Consellos Sociais.
Rafael Miranda Robredo. Presidente do Consello Social da Universidade de Burgos.

Asemblea Xeral da Conferencia de Consellos Sociais

Día 22, venres:

Conferencia no museo da Evolución Humana.


"Os yacimientos de Atapuerca"

Intervén:

Juan Luis Arsuaga. Investigador de Atapuerca.

Presenta:

Ángela Domínguez López. Directora de El Mundo. El Correo de Burgos.



XORNADAS DE INFORMACIÓN E DEBATE PARA PRESIDENTES DE COMISIÓNNS DE CONSELLOS SOCIAIS DE UNIVERSIDADES

O presidente do Consello Social asistiu a estas Xornadas que teñen como obxectivo facilitar aos membros dos Consellos Sociais información e coñecemento sobre a organización, características e funcionamento das universidades para mellorar a eficiencia da interacción bidireccional do Consello Social con outros órganos de goberno Universitarios.

En termos xerais, trátase de facilitar aos presidentes das Comisións e outros membros dos Consellos Sociais os coñecementos específicamente vinculados aos seus ámbitos de actuación no contexto da Universidade como organización singular dentro da administración pública.

A metodoloxía que se seguiu baseouse no desenvolvemento de exemplos extraídos da realidade cotiá, exercicios prácticos que inducirán aos participantes a traballar en aspectos crítico-construtivos, comentarios de transparencias e o debate nun ambiente participativo.

1ª XORNADA / A XESTIÓN ECONÓMICA-PATRIMONIAL NA UNIVERSIDADE PÚBLICA.

18 DE FEBREIRO
UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID

"Función da universidade. Modelos organizativos e fluxo de recursos. O papel do Consello Social"

Francesc Solé Parellada. Director do Parque Científico da Universitat Politècnica de Catalunya. Vicepresidente da Fundación CyD.

"Os modelos de financiamento"

Josefina Auladell Baulenas. Directora Técnica da Cátedra UNESCO de Dirección Universitaria da Politécnica de Catalunya.

"Rol e funcións dos consellos sociais: O mapa de responsabilidades dos consellos sociais no ámbito económico-patrimonial da universidade"

José Luis Marqués Insa. Presidente da Comisión Económica da Conferencia de Consellos Sociais. Presidente do Consello Social da Universidade de Zaragoza.

"O papel do Consello Social na elaboración e aprobación do orzamento e a supervisión das actividades económicas: unha visión práctica"

Miguel Ángel Acosta Rordíguez. Secretario do Consello Social da Universidade das Palmas de Gran Canaria.

Santiago Iraburu Allegue. Secretario do Consello Social da Universidade Pública de Navarra.

2ª XORNADA / O COMPROMISO DA UNIVERSIDADE COA SOCIEDADE.

20 DE MARZO
UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID

"As múltiples vertentes do compromiso social da universidade"

Josep Mª Vilalta Verdú. Secretario Executivo da Asociació Catalana d'Universitats Públiques (ACUP)

"A valoración e a transferencia do coñecemento: relación da universidade co tecido produtivo e social"

Gonzalo León Serrano. Catedrático da Universidade Politécnica de Madrid.

"Rol e funcións dos Consellos Sociais: O mapa de responsabilidades dos consellos sociais no ámbito da relación coa misión da universidade"

Julio Revilla Saavedra. Presidente da Comisión de Relaciones coa Sociedade da Conferencia de Consellos Sociais. Presidente do Consello Social da Universidade de Huelva.

"O papel do Consello Social como garante da rendición de contas da universidade"

Antonio Abril Abadín. Presidente do Consello Social da Universidade da Coruña.
Joan Majó Roca. Vicerreitor de Formación Permanente da UPC. Ex-comisionado de Universidades da Generalitat de Catalunya.

3ª XORNADA / A ORIENTACIÓN SOCIAL DA ACTIVIDADE ACADÉMICA.

25 DE ABRIL

UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID

"A actividade formativa da universidade española e a súa converxencia cos modelos europeos"

Màrius Rubiralta. Director del Campus de l'Alimentació de Torribera de la Universitat de Barcelona. Ex-secretario de Estado de Universidades. Universitat de Barcelona.

"Elementos fundamentais na planificación, ordenación e avaliação académica. A actividade académica e a estrutura actual organizativa das universidades derivadas do despregamento do Plan Bolonia"

Miguel Valero Cortés. Catedrático da Universitat Politècnica de Catalunya.

"Rol e funcións dos Consellos Sociais: O mapa de responsabilidades dos consellos sociais no ámbito da docencia"

Jesús Aguirre Arigita. Presidente do Consello Social da Universidade Pública de Navarra.

"O papel dos Consellos Sociais na adecuación da oferta académica ás necesidades da sociedade: unha visión práctica desde a perspectiva da avaliação"

Laureano González Vega. Catedrático da Universidade de Cantabria e ex-coordinador de Avaliación e Institucións da Axencia Nacional de Avaliación de Calidade e Acreditación (ANECA)

ASAMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu ás seguintes reunións da Asamblea Xeral da Asociación Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas, coas seguintes ordes do día:

11 DE ABRIL

(Madrid)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta número 14, de data 25 de outubro de 2012.
2. Informe do presidente.

3. Acordos que procedan en torno á presentación das contas anuais da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas correspondentes ao exercicio económico 2012.

4. Constitución da mesa electoral contemplada no artigo 10.1 das normas electorais para a elección do presidente, vicepresidentes e resto do Comité Executivo da Conferencia.

5. Acordos que procedan en torno á elección do presidente, vicepresidentes e resto do Comité Executivo da Conferencia.

21 DE NOVEMBRO

(Burgos)

Ademais do presidente, acude o secretario, **don Ignacio Rodríguez Iglesias**.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta número 15, de data 11 de abril de 2013.

2. Informe do presidente.

3. Informe dos presidentes das comisións.

4. Proposta e aprobación, se procede, do orzamento da Conferencia para 2014.

5. Elección da vacante producida no Comité Executivo da Conferencia de Consellos Sociais, segundo o establecido no artigo 26 dos Estatutos.

6. Presentación do estudio titulado *O emprego dos doutores en España e a súa relación coa I+D+i e os estudos de doutoramento*. Acordos que procedan.

7. Rogos e preguntas.

No mesmo día o presidente o secretario asisten a unha **reunión extraordinaria da Asemblea Xeral** da Asociación da Conferencia de Consellos Sociais para tratar o seguinte punto da Orde do día:

Punto único: Acordos que procedan en torno á modificación do regulamento da Comisión de Secretarios.

COMITÉ EXECUTIVO DA CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu ás seguintes reunións do Comité Executivo, coas seguintes ordes do día:

27 DE FEBREIRO

(Madrid)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta número 25, de data 25 de setembro de 2012.
2. Informe do presidente. Acordos que procedan.
3. Informe dos presidentes das comisións.
4. Acordos que procedan en torno ás actuacións propostas polas Comisións da Conferencia para executar en 2013.
5. Acordos que procedan en torno á proposta de organizacións dunhas Xornadas Internacionais sobre responsabilidade social corporativa.
6. Rogos e preguntas.

13 DE MARZO

(Madrid)

1. Preparación da reunión coa Secretaria de Estado de Investigación, Desenvolvimento e Innovación. Acordos que procedan.
2. Acordos que procedan en torno á formulación das contas da Conferencia correspondentes ao exercicio orzamentario 2012 para a súa elevación á Asemblea Xeral.
3. Rogos e preguntas.

COMISIÓN ACADÉMICA DA CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu á seguinte reunión da Comisión Académica, coa seguinte orde do día:

9 DE OUTUBRO

(Madrid)

1. Constitución da Comisión Académica para o novo período.
2. Lectura e aprobación, se procede, da acta número 8, de data 20 de febreiro de 2013.
3. Informe do presidente da Comisión.

4. Seguimento dos asuntos debatidos no seo do Consello Asesor da ANECA. Acordos que procedan.
5. Plan de accións da Comisión Académica da Conferencia. Acordos que procedan.

6. Análise da estratexia a seguir pola Conferencia en relación ao documento de propostas para a reforma e mellora da calidade e eficiencia do SUE.
7. Rogos e preguntas.

COMISIÓN DE RELACIÓN COA SOCIEDADE DA CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu á seguinte reunión da Comisión de Relacións coa Sociedade, coa seguinte orde do día:

5 DE NOVEMBRO

(Madrid)

1. Constitución da Comisión de Relacións coa Sociedade para un novo período.
2. Informe do presidente da Comisión.
3. Análise da estratexia a seguir pola Conferencia en relación ao documento de propostas para a reforma e mellora da calidade e eficiencia do SUE.
4. Estudio sobre modelos de transferencia tecnolóxica. Acordos que procedan.
5. Plan de accións da Comisión de Relacións coa Sociedade da Conferencia. Acordos que procedan.
6. Xornadas Internacionais sobre Responsabilidade Social Universitaria. Acordos que procedan.
7. Rogos e preguntas

COMISIÓN DE SECRETARIOS DA CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS

O secretario do Consello Social, **don Ignacio Rodríguez Iglesias**, en calidade de vocal, asistiu ás seguintes reunións da Asemblea de Secretarios de Consellos Sociais coas seguintes ordes o día:

14 DE MAIO

(Madrid)

1. Aprobación, no seu caso, da acta da sesión do 26 de outubro de 2012.
2. Informe da xestión da presidenta da Comisión de secretarios de Consellos sociais de universidades españolas.
3. Eleccións á Comisión Executiva de secretarios de Consellos Sociais e presidencia da Comisión de secretarios.
4. Rogos e preguntas.

20 DE NOVEMBRO

(Burgos)

1. Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión anterior.
2. Presentación dos membros do Comité Executivo.
3. Aprobación, no seu caso, da proposta de modificación do regulamento de organización e funcionamento da Comisión Sectorial de Secretarios de Consellos Sociais das Universidades Españolas.
4. Encontros técnicos de secretarios, acordos que procedan.
5. Informe das actividades que están a desenvolver as diferentes comisións da Conferencia de Consellos Sociais.
6. Informe da presidenta.
7. Rogos e preguntas.

ENCONTRO TÉCNICO DE SECRETARIOS DE CONSELLOS SOCIAIS DA CONFERENCIA DE UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS

O secretario do Consello Social, **don Ignacio Rodríguez Iglesias**, asistiu ao seguinte encontro técnico de secretarios onde tiveron lugar as seguintes actividades/ponencias:

25 DE SETEMBRO

(Madrid)

"Introdución ao Consello Social". Presentación da guía de acollida para os vocais dos Consellos Sociais. Documento elaborado pola Comisión Académica da Conferencia.

"A adaptación da actividade formativa da Universidade ás necesidades da sociedade: experiencias prácticas". Accións que poden levar a acabo os Consellos Sociais para adaptar os graos, másters e doutoramentos ou a formación permanente para mellorar o impacto social das ensinanzas universitarias.

Debate para valorar cales poden ser as diferentes estratexias que axuden aos consellos sociais a realizar unha labor de intermediación entre universidade e sociedade neste ámbito.

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu ás sesións do Pleno do Consello Galego de Universidades que de seguido se citan, coas correspondentes ordes do día:

28 DE XUÑO – PLENO EXTRAORDINARIO

(Santiago de Compostela)

1. Informe sobre o Decreto polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudios conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2013/2014.

31 DE XULLO

(Santiago de Compostela)

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 16 de maio de 2013 e do Pleno extraordinario do 28 de xuño de 2013.
2. Informe do Conselleiro ao Consello Galego de Universidades.
3. Asuntos para coñecemento:
 - Normativa publicada.
 - Convocatorias de prazas de profesorado universitario contratado.
4. Informe sobre autorización de implantación de titulacións nas universidades do SUG para o curso 2013/2014.
5. Informe sobre a solicitude de implantación na Universidade de Santiago de Compostela do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas.
6. Información sobre o cambio de denominación do Grao en Enxeñaría da Edificación da UDC.



De esquerda a dereita: Presidente do Consello Social da UVigo, Conselleiro de educación, Presidente do Consello Social da Universidade de Santiago, Reitor de Santiago, Reitor de Coruña e Reitor de Vigo.

7. Información sobre os avances do grupo de trabalho en relación co mapa de titulacións do SUG.
8. Rogos e preguntas.

20 DE DECEMBRO

(Santiago de Compostela)

1. Constitución do Consello Galego de Universidades.
2. Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 31 de xullo de 2013.
3. Informe do Conselleiro ao Consello Galego de Universidades.
4. Asuntos para coñecemento:

- Normativa publicada.
- Convocatorias de prazas de profesorado universitario contratado.
- 5. Proposta do Regulamento do Consello Galego de Universidades.
- 6. Informe sobre a modificación do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 7. Información sobre as actividades levadas a cabo polo grupo de traballo en relación co mapa de titulacións do SUG.
- 8. Informe sobre a autorización e extinción de títulos universitarios oficiais nas universidades do SUG.
- 9. Informe sobre a solicitude de implantación do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas da USC.
- 10. Informe sobre a Normativa de Permanencia da UDC.
- 11. Informe sobre a adscrición do Centro de Estudios Superiores Universitarios de Galicia (CESUGA) á Universidade Privada de "San Jorge" da Comunidade de Aragón e autorización para o inicio de actividades.
- 12. Información sobre os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
- 13. Rogos e preguntas.

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu ás xuntanzas do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia que de seguido se citan, coas correspondentes ordes do día:

12 DE XULLO

(Santiago de Compostela)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (xuntanza ordinaria do 13 de maio de 2013).
2. Informe da presidenta.
3. Convenios da ACSUG con outras institucións.
4. Memoria de Actividades do 2012.

5. Renovación da metade dos membros da CGIACA (artigo 22.3 dos estatutos).
6. Asuntos económicos:
 - Contas anuais a 31.12.2012
 - Modificación do orzamento do exercicio 2013
 - Memoria dos orzamentos 2014 e programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF)
7. Xestión da calidade: Informe resumo do 1º semestre de 2013.
8. Rogos e preguntas.

20 DE DECEMBRO

(Santiago de Compostela)

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (xuntanza ordinaria do 12 de xullo de 2013).
2. Informe da presidenta.
3. Convenios da ACSUG con outras institucións.
4. Proposta do borrador da adaptación do estatuto do consorcio autonómico Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia ao abeiro do establecido na disposición transitoria oitava da LSUG; e disposición transitoria terceira da LOFAXGA.
5. Renovación do presidente da CGIACA (artigo 22.2 dos estatutos).
